Este foro, casualmente, realízase nun momento en que, co gallo da difusión dos datos do Instituto Galego de Estatística, houbo un certo alarmismo público sobre a situación e porvir do idioma, por parte dalgúns medios de comunicación. Coido que isto nos ofrece unha boa ocasión para reclamar un pouco ao acougo e un pouco de reflexión. O alarmismo non é unha boa maneira de presentar os problemas da lingua en público. Aínda que é certo que hai datos que preocupan moito e que esa preocupación hai que trasladala ao conxunto da sociedade, considero que non é bo para o galego que esteamos decote emitindo sinais de «isto se acaba», «non hai nada que facer», case como convites implícitos ao abandono da lingua, como dun barco que se afunde. Non se trata de facer un xuízo de intencións: cónstame que a maior parte desas mensaxes proceden de persoas honestamente preocupadas polo idioma do país, incluso dos sectores máis activos na súa defensa. Pero non se debe ignorar que os procesos de normalización lingüística teñen bastante de ‘profecías autocumpridas’, xa que dependen en boa medida das expectativas sobre a evolución da situación dos propios axentes involucrados. Dito doutro xeito, o ritmo e sobre todo a dirección dos cambios sociolingüísticos dependen moito do que a xente espere do que vai acontecer. E se estamos sempre proxectando a imaxe de que o que vai pasar é que o galego está a piques de desaparecer, no fondo, aínda que non queiramos, podemos estar contribuíndo a que iso aconteza.

O devandito xa é un bo argumento, na miña opinión, para modular as mensaxes públicas sobre a lingua. Pero aínda hai outro argumento máis forte: tanto os datos que temos ata agora coma os que imos coñecendo son, sen dúbida, preocupantes en certos aspectos, pero tamén ofrecen outros aspectos que non digo que sexan tranquilizadores, pero si que convidan a relativizar a nosa ansiedade sobre o porvir. En definitiva, coido que debemos facer o esforzo de obxectivar as nosas percepcións sobre a cuestión, e esforzarnos en axustar as nosas expectativas á realidade, procurando antes de nada informarnos para saber e entender o que realmente está a acontecer.

Como agardo mostrar, a pesar de que unha boa parte dos datos que imos coñecendo son extremadamente preocupantes, podemos afirmar con rotundidade que a desaparición do galego non está no horizonte do previsible, ao menos no medio prazo. O idioma do país ten aínda moito percorrido histórico por diante e a historia dá moitas voltas. Con isto non quero dicir que nos debamos descansar na confianza de que esas voltas da historia nos van resolver os problemas, pero podemos razoablemente conxecturar que no futuro non necesariamente todo ten que discorrer como estivo e está pasando agora. Existe a posibilidade, que temos ao alcance da man, de mellorar o contexto sociocultural e sociopolítico da lingua e se se producen esas mudanzas, tales melloras ofrecerán a posibilidade de intervir con máis pulo e máis eficacia, porque a día de hoxe o galego é unha lingua cunha vitalidade notable, non nos atopamos á beira do precipicio.

Isto falando da situación en xeral. Se falamos das cidades obviamente os tons aquí hai que cargalos máis na parte da preocupación e da necesidade dunha actuación consecuente e decidida, proporcionada á magnitude dos desafíos. A realidade do galego no medio urbano é bastante mala, como é notorio; imos ofrecer uns datos que permitan ancorar esta percepción, cuantificando algúns parámetros. E isto tamén nos convida a unha reflexión previa. Na miña opinión, debemos desterrar, se é que a temos na mente (e se non a temos que ter claro que non a temos), a imaxe dunha Galicia homoxénea. A verdade é que desde o punto de vista sociolingüístico, o noso país é moi heteroxéneo. En Galicia conviven ecosistemas lingüísticos notablemente diversos. Insisto nisto, pois no presente contributo imos concentrarnos nos datos das cidades, que son, con diferenza, os peores. Pero non os tomemos como representativos do conxunto de Galicia, o que imos mostrar non é toda a realidade do país; poderíamos desenvolver a nosa exposición sobre ecosistemas lingüísticos fóra do ámbito urbano e veríamos que hai outras Galicia, con realidades ben distintas á da Galicia urbana. Ofrecemos, antes de continuar, a título de referencia xeral, os datos do Mapa sociolingüístico de Galicia referidos á distribución do uso do galego e o castelán segundo o hábitat:

Táboa. Lingua habitual segundo o hábitat.

Fonte Mapa Sociolingüístico de Galicia.

	Galego	+galego	+castelán	castelán
Urbano	11,8	30,9	35,8	21,6
Vilas	31,8	33,6	24,1	10,6
Rural	59,0	28,2	9,6	3,2
Galicia	38,7	29,9	20,8	10,6

Os datos do Instituto Galego de Estatística, por exemplo, que son os que provocaron a última alarma pública máis notoria, apuntan claramente a que hai áreas do territorio do noso país en que a solidez do galego é absolutamente pétrea. Non só como podemos pensar así de primeiras, bisbarras remotas da montaña. Por caso e por sinal, a comarca de Galicia occidental (así chamada na enquisa do Instituto Galego de Estatística), que está non lonxe de conglomerados urbanos coma o da Coruña e o de Santiago, é a que mellor mantén o galego en todos os parámetros. Por tanto, reitero, o que imos mostrar aquí é un a parte máis escura do lenzo. E o que tentarei revelar é que incluso dentro desta parte da pintura tampouco nos confrontamos con ámbitos homoxéneos, é dicir, que a heteroxeneidade tamén se dá no medio urbano. Subliño isto non só para tentar tracexar un mapa un pouco matizado, mais tamén porque se cadra (aínda que isto non está na miña conferencia como tema pero, obviamente, está como ano de fondo), se as situacións son notablemente diversas, se estamos ante ecosistemas lingüísticos bastante claramente diferenciados, ao mellor deberamos pensar que as políticas de recuperación da lingua, coas conseguíntes previsións e intervencións, tamén deberan ser matizadas e adaptadas a cada situación. En máis dun lugar dinse cousas como que un dos poucos aspectos bos da política lingüística da Xunta é que é homoxénea para toda Galicia. Eu iso non o consideraría en absoluto unha vantaxe. No meu parecer, iso responde a unha certa visión rotineira das cousas e a unha preguiza, incluso mental, para baixarse ao terreo a afrontar os problemas reais, pois, a pouco que o fagamos, decatáremosnos que o noso país ofrece unha realidade notablemente complexa.

1. UNHA TIPOLOXÍA SOCIOLINGÜÍSTICA DAS URBES GALEGAS

Desenvolveremos a nosa exposición a partir do comentario dunha serie de táboas que ofrecen unha mancha de información, por tanto vou tentar ser un pouco selectivo e procurar ver un pouco máis alá dos datos, sobre todo vou arriscar unha interpretación das cifras que me parecen máis relevantes. En primeiro lugar, nunha parte máis descritiva das competencias e usos en galego nas cidades galegas, tencionarei mostrar que se pode facer unha certa tipoloxía de cidades, que as situacións son bastante diversas mesmo entre estas cidades, e insinuarei por onde penso podería ir esta tipoloxía.

Táboa 1. Lingua habitual en Galicia.

Fonte IGE 2004.

	Galego	+galego	+castelán	castelán
Galicia	42,62	18,38	18,72	19,75

A táboa nº 1 ofrece unha referencia global para o conxunto do país. Son datos da enquisa do Instituto Galego de Estatística, publicada no 2004, en que se traballa con datos recollidos en 2003. Trátase dun inquérito moi potente, con máis de 20.000 entrevistas, os resultados máis relevantes áchanse accesibles na páxina web do Instituto Galego de Estatística. Estes son, por tanto, uns datos de partida para ter unha referencia global do país sobre a lingua habitual, onde vemos que o uso monolingüe activo do galego continúa a ser a opción preferida pola maioría da poboación no seu conxunto (42,62%), cunha diferenza bastante notable sobre o monolingüismo en castelán (19,75%), e coas opcións bilingües con porcentaxes moi similares a esta última, arredor do 18%.

Segundo o devandito, como se pode comprobar na táboa nº 2, fala só galego ou máis galego o 61% da poboación de Galicia. Nesta mesma táboa tamén se ofrecen datos de comprensión e capacidade para falar e lingua habitual, a partir, novamente, dos datos da enquisa do IGE. Aquí o pretendía recoller son tres variables: a competencia pasiva –capacidade para entender o galego falado–, a competencia activa –capacidade de falar o galego–, e o uso real, a lingua habitual, tomando só, para simplificar, a opción «fala galego» ou «máis galego» (na última columna, hai que entender que a porcentaxe ata 100% é «fala castelán» ou «máis castelán»). Recollemos especificamente os datos das sete cidades máis importantes de Galicia, e bótase de ver, comezando polos datos relativos á competencia pasiva, unha certa novidade, pois existe unha matización territorial notable. Case todos os inquéritos publicados ata o momento referidos ao conxunto da poboación galega, deitan resultados do 96% ao 99% para a competencia pasiva en galego, e para a competencia activa un pouco menos, pero sempre con porcentaxes moi elevadas.

Táboa 2. Capacidade para entender / falar galego/ lingua habitual
(fala galego ou máis galego) do conxunto da poboación.

Elaboración propia. Fonte IGE 2004.

	Comprensión da fala		Capacidade para falar			fala só galego/ +galego
	moito	bastante + pouco/ nada = Total	moito	bastante	pouco /nada	
Galicia	84,06	16,25 + 2,80= 19,05	67,69	21,70	10,61	61,00
Ourense	81,78	15,94 + 2,28= 18,22	69,93	20,02	10,04	64,54
Lugo	85,43	12,43 + 2,14= 14,57	71,72	18,90	9,39	58,58
Santiago	84,08	13,66 + 2,26= 15,92	70,00	19,61	10,39	58,26
Pontevedra	67,02	30,24 + 2,73= 32,97	58,00	31,84	10,16	55,27
Ferrol	67,41	28,67 + 3,92= 32,59	43,21	42,17	14,62	40,36
Vigo	67,15	27,57 + 5,29= 32,86	46,33	34,22	19,45	33,89
A Coruña	80,75	13,76 + 5,58= 19,34	60,39	19,56	20,05	33,63

No inquérito do IGE isto está máis afinado, e conséntase que non todos os enquisados declaran entender o galego tan ben nin declaran falar galego tanto, o cal semella bastante máis realista; persoalmente eu sempre fun bastante escéptico con aquelas porcentaxes tan avultadas do 99% para entender o galego e do 90% para falalo, sempre me pareceron porcentaxes excesivamente optimistas. Aquí vemos que as porcentaxes de xente que ten problemas de comprensión ou de expresión –sobre todo os primeiros– en galego son baixos, obviamente, pero non son desprezables en absoluto. Velaí os casos moi notables de Pontevedra, Ferrol e Vigo, cidades onde case un terzo da poboación declara ter problemas de comprensión do galego falado. Coido que este é un dato dabondo interesante, e desde logo para ter en conta.

Lago temos uns datos da competencia oral activa, da capacidade de falar. Aquí, obviamente, as porcentaxes son máis baixas, hai menos xente que declara que ten unha competencia fluída en idioma galego. Chamo a atención, se percorremos as columnas de arriba a abaixo, sobre as baixas porcentaxes de competencia en galego, outra vez, para Ferrol e Vigo, onde máis do 50% da poboación declara ter problemas para falar galego. En Ferrol, capacidade para falar, bastante, 42%, pouco ou nada, 14% (damos cifras redondas). En Vigo, 34% bastante, pouco ou nada 19%. Declárase competentes nesta destreza só o 43% dos enquisados en Ferrol e o 46% en Vigo. A competencia no idioma é importante, claro está, pero o crucial é ver o uso. A comprensión e a capacidade de falar son, digamos, competencias virtuais, hai que ver en que medida esas competencias se actualizan, se concretan nas prácticas lingüísticas. E aquí obtemos tamén unha imaxe moi matizada de cidade a cidade. Fíxémonos que hai un grupo de urbes por riba que se move aproximadamente entre o 55% e os 65% de monolingües ou bilingües de dominancia

galega, grupo no que entran Ourense, Lugo, Santiago e Pontevedra. Unha cidade, Ferrol, áchase nunha posición intermedia, co 40%, de galegofalantes, xa en minoría. E logo os datos moi baixos de Vigo e da Coruña: practicamente só un de cada tres habitantes destas cidades declaran como lingua habitual só ou preferentemente o galego.

Daquela, se tentamos establecer unha tipoloxía de cidades, vemos que, canto a porcentaxes de poboación que declara posuír competencia pasiva en galego hai dous grupos, un que anda arredor do 80% (Lugo, Santiago, Ourense e A Coruña), e outro arredor do 67% (Ferrol, Vigo e Pontevedra). Segundo a competencia para falar pódense distinguir tres grupos: un constituído por Lugo, Santiago e Ourense, con arredor do 70%; outro pola Coruña e Pontevedra, co 60%; e outro por Vigo e Ferrol, con menos da metade, 45%. Segundo a lingua habitual deséñanse dous grupos: Ourense, Lugo, Santiago e Pontevedra, entre 55 ou 65%; e logo un segundo grupo con Ferrol, por unha banda, 40%, e Vigo, A Coruña con 34%. Agora, se miramos de relacionar as tres variables, decatámonos de que algunhas cidades bailan de grupo segundo o parámetro en que nos movamos. Endebén, se comparamos a capacidade de falar coa lingua habitual, teremos o índice de ‘retención da lingua’: canto máis próximas se atopan as porcentaxes de competencia e de uso, maior é a retención da lingua, canto máis distantes, menor será o índice de retención. Con este índice apuntamos a un fenómeno non importante, o da latencia: constátase que existe unha porcentaxe notable de persoas competentes en galego que non o empregan (falantes virtuais, por así dicilo). Segundo este índice, podemos establecer unha tipoloxía interesante.

Por exemplo, as cidades que mostran máis retención son Pontevedra e Ferrol. Isto quere dicir que en Pontevedra, en Ferrol, en Ourense –pero Ourense está nun caso distinto porque hai moita maior competencia– a maior parte da xente que sabe falar galego é de feito falante habitual desa lingua. Aí temos un sector da poboación bastante monolítico, bastante resistente no o uso do galego. Nunha situación intermedia están Lugo, Santiago e Vigo, con porcentaxes bastante distintas entre delas: en Lugo e Santiago hai bastante máis competencia que uso, aínda que estamos movéndonos en porcentaxes elevadas nos dous casos; mentres que en Vigo xa nos movemos en porcentaxes baixas. E o caso máis rechamante de todos é o caso da Coruña, onde vemos que hai a maior diferenza entre xente que se considera ou se declara competente para falar galego e xente que realmente o usa; isto é, o índice de retención da lingua nesta cidade é o máis baixo de toda Galicia, ou, inversamente, o índice de latencia é o máis alto: segundo estes datos, máis de un de cada catro habitantes da Coruña que sabe falar galego non usa regularmente ese idioma.

Por sinal, vai un pouco implícito no discurso –así que só o vou sinalar de pasada para non estenderme sobre o particular– que eu entendo que este fenómeno da latencia debe ser contemplado nun esquema de política lingüística que buscase un mínimo de efectividade. Por exemplo, se parece ser que na Coruña o problema non é tanto a competencia como o uso, se cadra habería que concentrar os esforzos en crear espazos de uso. Pola contra, en Vigo, por exemplo, igual habería que facer máis esforzo no terreo da competencia. Detrás disto pode haber tamén un diagnóstico para que tipo de problemas son de abordaxe máis prementoria en cada unha das localidades.

2. A EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN NA DÉCADA DOS NOVENTA

Agora imos deternos nuns datos sobre a evolución nos últimos anos nalgúns dos parámetros en foco. Empreguei aquí como puntos de comparanza os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia, recollidos no ano 91 e boa parte deles publicados nos volumes de *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* e *Usos Lingüísticos en Galicia*, dado ao prelo pola Academia Galega. Os datos das cidades tireinos dun traballo de Gabriel Rei Doval (concretamente, da súa Tese de doutoramento), que el mesmo me autorizou a utilizar. Como coido que as táboas fan patente, cando nos pomos a analizar os datos de devagar e cousa por cousa, a situación non parece tan catastrófica. Por exemplo, a min particularmente chamáronme moito a atención os datos verbo da evolución da (in)capacidade (permítaseme a expresión) para falar galego. No conxunto de Galicia, como pode comprobarse, se comparamos os resultados do Mapa Sociolingüístico cos do Instituto Galego de Estatística (con doce anos de diferenza entre eles, máis ou menos) temos diminución da incompetencia (ou, se se prefire velo do lado inverso, un incremento da competencia) relativamente lixeiro, dun 3%. Pero se comparamos os datos globais cos das cidades, vemos que este incremento da competencia se debe sobre todo aos avances que se produciron nas cidades, pois as medias dos centros urbanos son bastante superiores ás do conxunto do país.

Táboa 3. Evolución da (in)capacidade para falar galego (saben falar pouco ou nada).

Fonte: MSG e IGE 2004.

	MSG (1991)	IGE (2003)	Diferenza
Galicia	13,5	10,6	-2,9
Santiago	14,6	10,4	-4,2
A Coruña	23,3	20,0	-3,3
Ferrol	31,3	14,6	-15,7
Lugo	18,9	9,4	-9,5
Ourense	16,8	10,0	-6,8
Pontevedra	25,9	10,2	-15,7
Vigo	30,8	19,4	-11,4

Nesa lista hai cifras que chaman notablemente a atención. En Santiago, A Coruña e Ourense houbo un incremento da competencia relativamente pequena, porque tamén nos estamos a mover en porcentaxes moi elevadas, e, loxicamente, as marxes son menores. (É obvio que se, por caso, en Santiago hai moita xente que declara saber ben galego, non pode incrementarse moito a porcentaxe, simplemente porque non hai marxe). Pero o que máis chama a atención son os casos como os de Ferrol, Pontevedra e Vigo, onde podemos falar de que neses anos se produciu unha pequena revolución nas competencias

lingüísticas. Repárese: en Ferrol, en doce anos, se produciu un incremento superior ao 15% en datos relativos á competencia en lingua galega. O asunto é merecente dun estudo e dunha reflexión máis vagarosos, que arestora non podemos emprender (por exemplo: ¿ata que punto ese incremento reflete un aumento de persoas competentes ou ben unha mellora da seguranza lingüística da poboación enquisada?). As porcentaxes son case idénticas en Pontevedra, cun incremento da competencia do 15%, que unha cifra impresionante. Non son tampouco desdeñables os datos en Vigo. Tanto en Ferrol coma en Pontevedra ou en Vigo nos estabamos movendo en porcentaxes máis baixas, por tanto, tamén hai máis marxe para o incremento, pero de todas maneiras este incremento non deixa de ser verdadeiramente rechamante.

Pero tornemos ao verdadeiramente crucial. ¿Que pasa coa evolución da lingua habitual? Na táboa 4 podemos ver que hai datos para todos os gustos, pero sobre todo hai algúns que sorprenden agradablemente, polo menos a primeira vista. Comezando polo negativo, comprobamos que se produciu unha lixeira diminución da porcentaxe de galegófonos habituais en Santiago, Vigo e Coruña. En Santiago o galego aínda ten unha marxe bastante folgada, pois baixouse do 60 ao 58% aproximadamente. En Vigo e na Coruña a diminución é pequena pero o certo é que nos movemos en porcentaxes de galegofalantes considerablemente reducidas, aproximadamente do 33% ao 35% de galegofalantes habituais. En Lugo non se detecta unha variación relevante. En Ourense, e sobre todo en Pontevedra e Ferrol, rexístranse incrementos moi notables. En Pontevedra a porcentaxe de enquisados que declara falar máis galego ou só galego aumentou case un 9%, e en Ferrol case o 8%, datos estes que son case abraiante.

Táboa 4. Evolución do galego como lingua habitual nas cidades (fala galego ou +galego).

Elaboración propia Fontes: MSG e IGE 2003.

	MSG (1991)	IGE (2003)	Diferenza
Santiago	60,5	58,3	-2,2
Ourense	59,5	64,5	+5,0
Lugo	57,9	58,6	+0,7
Pontevedra	46,6	55,3	+8,7
Vigo	35,3	33,9	-1,4
Coruña	35,1	33,6	-1,5
Ferrol	32,5	40,4	+7,9

Xa que logo, parecen rexistrarse dinámicas de recuperación da lingua tanto no coñecemento (que é condición necesaria, pero non suficiente, para o uso), como nas prácticas lingüísticas, que son verdadeiramente moi notables. ¿Estarán esas melloras asociadas cos procesos políticos experimentados nestas urbes nos anos que nos interesan? Non

semella casualidade que aparezan destacadas precisamente cidades como Ferrol, Pontevedra e Vigo. Non estou a suxerir que existan relacións de causa-efecto, un modelo explicativo que semella excesivamente sinxelo, ou mesmo burdo. Pero non pode deixar de conxecturarse algunha asociación entre a relativa mellora da situación do idioma en determinadas cidades e o incremento do voto nacionalista que no seu caso e no seu momento permitiu o acceso do BNG á alcaldía destas.

3. CAMBIOS DE LINGUA E DINÁMICAS DE RECUPERACIÓN / SUBSTITUCIÓN

Precisamente, un elemento relevante para analizar as dinámicas de perda e de recuperación de falantes é a comparanza de dúas variables, lingua inicial e lingua usual. Este para min é un dato fundamental porque efectivamente se comparamos a lingua que as persoas declaran que foi a súa primeira lingua coa lingua que declaran que é a que usan ou a que máis usan, obtemos unha indicación acerca de se estamos perdendo ou estamos gañando falantes. Non posuímos os datos que nos permitirían realizar unha abordaxe detallada por cidades, porque carecemos do apoio da enquisa do Instituto Galego de Estatística. Pero si podemos tentar unha aproximación. Fixémonos na Galicia do ano 91: os falantes que teñen como lingua inicial o galego, en xeral retéñeno como lingua usual, pois case os dous terzos (o 63%,) se declaran monolingües, un terzo restante bilingüe con dominancia en galego, e só o 5% son fundamentalmente castelanófonos.

Táboa 5. Evolución da lingua habitual segundo a lingua inicial en Galicia.

Lingua habitual segundo lingua inicial nas sete cidades.

Fonte: MSG (Galicia>cidades) e IGE 2004 (Galicia).

	Lingua inicial galego		Lingua inicial castelán		Bilingüismo inicial	
	Galicia 1991>2003	Cidades (1991)	Galicia 1991> 2003	Cidades (1991)	Galicia (2003)	Cidades (1991)
Fala só gal.	63,7>73,28	30,9	2,4> 4,91	1,0	18,69	2,5
Fala + gal.	31,5>20,43	55,3	14,9 > 8,48	9,1	30,71	43,5
Fala + cast.	4,6> 4,92	13,2	45,8> 32,51	46,8	37,39	52,7
Fala só cast.	0,2> 1,37	0,6	36,9 >54,10	43,1	13,21	1,3

Contrasta o devandito co que acontece no sector de castelán-falantes iniciais, pois, sorprendentemente, os enquisados que declaran ter como lingua inicial o castelán afirman reter menos o castelán como lingua habitual. Centrándonos nos datos de 91 de Galicia, acabamos de dicir que dos galegofalantes iniciais en galego, son monolingües neste idioma o 63,7%; reparemos en que dos que se declaran castelán-falantes iniciais, afirman ser monolingües en castelán só 36,9%. Vexamos agora, no outro extremo, o que acontece cos

que mudan de lingua. Dos galegófonos iniciais, declaran ser castelanófonos habituais, como acabamos de dicir, só 4,8%; pola contra, dos castelanófonos iniciais, falan só galego ou máis galego o 17%, unha porcentaxe relativamente alta, e desde logo moito maior cá anterior. Xa que logo, hai máis xente con lingua inicial castelán que se pasa ao galego como lingua usual do que xente que ten lingua inicial o galego que se pasa ao castelán como lingua usual.

A quen non está familiarizado coas estatísticas sociolingüísticas, este resultado pareceralle paradoxal, porque segundo isto resulta que estamos recuperando falantes para o galego. A simple vista, isto significaría que, contra toda aparencia, non estamos vivindo un proceso de substitución lingüística, mais un proceso de recuperación, algo que, obviamente, isto non encaixa co noso coñecemento intuitivo da realidade. Na miña opinión, a explicación deste aparente paradoxo reside no feito de que a perda de falantes se viña producindo fundamentalmente nos fallos na transmisión interxeracional, e non tanto nas modificacións de conduta lingüística que unha persoa experimenta ao longo da vida. Ese tipo de modificacións existen pero máis ben parecen favorecer ao galego. Daquela, ¿como é que estamos perdendo falantes? Estamos perdendo falantes porque o que estamos perdendo é o galego como lingua inicial.

A miña hipótese, que espero poder validar no futuro, é que unha parte moi substancial destes falantes iniciais en castelán que agora falan só galego ou máis galego, serán persoas que proceden de familias galego-falantes. Dito rapidamente, serán fillos e fillas de parellas galego-falantes que lle falaron a ese fillo ou filla en castelán. Unha porcentaxe desas persoas que teñen como lingua inicial o castelán pero que se move nun medio familiar (e probablemente social) con forte presenza do galego, acaba recuperando o galego ao longo da súa vida. Sería, por tanto, unha porción que nos vén devolta da perda de falantes na transmisión interxeracional.

En todo caso, estas dinámicas que se producían no 91 —véxase «lingua inicial galego en Galicia», «castelán Galicia» e «bilingües iniciais en Galicia»— seguen a producirse no 2003, como mostra a enquisa do IGE, por tanto, o fenómeno *grosso modo* mantense. Véxase por exemplo «castelán-falantes en Galicia» no 2003, aproximadamente un 14% fala só galego ou máis galego —unha porcentaxe un pouco máis reducida que antes pero aínda notable. Pola contra, no 91, que é no único de que dispoñemos de datos, nas cidades non se produce isto. Nas cidades non recuperamos tantos falantes, o cal apunta na dirección que antes sinaléi: probablemente, os castelán-falantes iniciais que ‘se pasan’ ao galego como lingua habitual atópanse sobre todo do medio non urbano, nun ecosistema lingüístico en que o galego ten unha forte presenza e iso facilita a súa recuperación. Nas cidades este fenómeno practicamente non se dá. Se se repara nas columnas de cidades no 91 comprobarase que dos falantes iniciais en galego case ningún é monolingüe en castelán pero hai bastantes bilingües con castelán como lingua dominante e hai bastante poucos monolingües en galego, cousa lóxica, para unha persoa que vive no medio urbano. Falantes iniciais en castelán recuperados para o galego hai unha porcentaxe notable, un 10%, pero notablemente máis baixa cá do conxunto do país.

4. PROGNÓSTICOS DE FUTURO: OS DATOS DO CENSO DE POBOACIÓN E VIVENDA DE 2001

Chega pois o momento de abordar unha operación tan arriscada como a prospección. ¿Que nos deparará o futuro? Unha das ferramentas máis significativas para achegarse a estes prognósticos é a análise de datos en tempo real, por estratos cronolóxicos de idade, e a partir de aí facer unha proxección en tempo aparente. Aquí entramos na parte máis fea de todo o cadro. Botei man do censo de poboación de 2001, pois os datos do Instituto Galego de Estatística non ofrecen o nivel de detalle que precisaríamos para facer esta proxección. O censo en canto fonte para información sociolingüística ten vantaxes moi grandes e ten inconvenientes tamén bastante notables. O censo non é un inquérito, non se fai sobre unha mostra de poboación que se pretenda representativa, faise sobre o conxunto da poboación. É unha especie de mapa a escala real. Pero como o censo non se fai exclusiva nin principalmente para saber que linguas sabe e fala a xente, senón que se fai para obter datos sociolóxicos máis básicos, obviamente as preguntas sobre lingua son un apartado minúsculo e ofrécennos unha pintura en trazos grosos. Os datos que estivemos analizando ata agora son de «pincel fino», e agora pasamos un pouco á «brocha grosa».

Como vimos antes, podemos deseñar unha tipoloxía de espazos urbanos, así para entendernos agora *grosso modo*, con Coruña, Vigo e quizais Ferrol nun grupo, e Santiago, Lugo, Ourense e probablemente Pontevedra, tamén, noutro grupo. O que fixen agora foi tomar unha cidade representativa de cada grupo. Escollín A Coruña como representante do primeiro grupo simplemente porque a presente exposición foi concibida para un ciclo realizado nesta cidade, e doutra banda escollín Compostela, sinxelamente porque é a cidade onde vivo e traballo. Quero dicir que poderíamos comparar perfectamente Pontevedra-Coruña, Ourense-Coruña, ou Santiago-Vigo, coido que non mudaría significativamente o panorama. O que ofrezco aí é unha elaboración propia en porcentaxes dos datos brutos que ofrece o *Instituto Nacional de Estadística* a través da súa páxina web. Segundo esta fonte, un 5,15% de rapaces e rapazas da Coruña de 5 a 9 anos é monolingüe en galego, o que responde a unha cantidade de 741 individuos (así de rotundo é o censo nas súas cifras). A título de curiosidade, podemos dicir que para o conxunto de Galicia, tendo en conta os monolingües en galego declarados no Censo de 2001, de idade comprendidas entre 5 e 30 anos, e supoñendo que a partir de agora non se incrementase a cifra de galego-falantes iniciais (isto é, que ningunha persoa nacida a partir de 2001 tivese o galego como lingua inicial nin o incorporase á súa práctica lingüística), aínda así teríamos dentro de 50 anos máis de medio millón de falantes monolingües en galego. Este exercicio, puramente conxectural, mostra que a situación do galego non é tan desesperada como ás veces se dá a entender.

Táboa 6. Uso do galego conforme a idade na cidade da Coruña.

Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda (2001). INE.

Anos	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	40-44	50-54	60-64	+65	Total
G	5,15	5,00	7,00	8,91	9,30	10,76	15,42	21,97	29,64	29,15	17,33
G/C	67,65	79,74	68,38	59,57	57,90	57,65	56,43	54,17	47,58	42,75	55,28
C	27,29	15,26	24,60	31,52	32,78	31,58	28,15	23,85	22,78	28,12	27,39

G: fala sempre en galego; G/C: fala ás veces en galego; C: non fala nunca en galego.

O que si é dabondo desalentador é ver as cifras da Coruña, tamén as de Santiago pero sobre todo da Coruña, en canto reparamos en grupos etarios. Percorrendo a táboa 6 de dereita a esquerda, constátase que o monolingüismo en galego era relativamente frecuente nas persoas maiores de 65 anos (nese grupo non distinguín tramos por razóns puramente prácticas, pois a táboa tornábase de manexo incómodo). De todas as maneiras é de notar que o carácter minoritario do galego na Coruña é antigo, pois incluso menos do 30% dos maiores de 60 anos eran monolingües galegos. Esta porcentaxe pode parecer elevada, pero repárase nos datos de Santiago (táboa nº 7), que ofrece uns resultados máis similares aos do conxunto do país, onde temos un 60% de monolingües en galego nese tramo de idade.

Táboa 7. Uso do galego conforme a idade na cidade da Santiago.

Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda (2001). INE.

Anos	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	40-44	50-54	60-64	+65	Total
G	24,86	27,95	32,75	35,13	36,39	39,30	44,60	51,50	58,75	60,69	44,4
G/C	63,69	64,48	56,73	50,87	48,92	48,06	44,82	39,16	32,67	28,58	44,4
C	11,45	07,57	10,52	14,00	14,69	12,64	10,58	09,34	08,48	10,72	11,2

G: fala sempre en galego; G/C: fala ás veces en galego; C: non fala nunca en galego.

Endebén, salta á vista que o monolingüismo en galego descendeu dunha forma moi notable e podemos ir vendo como ese descenso cae como nunha escada de tramo en tramo de idade, na Coruña do case o 30% dos maiores de 60 quedamos cun absolutamente magro 5% de 5 a 9 anos. Esta si é unha desas cifras realmente alarmantes. Aínda así, na liña de procurar relativizar un pouco os datos, repárese en que o monolingüismo en castelán na cidade da Coruña non aumentou tampouco en todos estes anos. Non hai unha grande diferenza entre a porcentaxe de monolingües en castelán maiores de 65 e no grupo de 5 a 9 anos, de feito, produciuse unha lixeira diminución. Aquí hai unha mudanza moi curiosa que se constata en varios lugares, é dicir, que non é algo idiosincrático da Coruña, senón

que é bastante xeral. Obsérvase como o monolingüismo en castelán cae notablemente no grupo de 10 a 14 anos. En Santiago acontece o mesmo, isto é unha pauta bastante corrente nas cidades. Non teño aínda claro como interpretar isto. Se cadra, isto ten que ver co uso do galego na escola, coa materia de galego: como os estudantes teñen o galego na escola e nesa clase hai que falar galego, daquela xa non se declaran como monolingües en castelán. Pero é asunto merecente dunha reflexión máis demorada. En todo caso, deixando un pouco entre parénteses ese dato que non modifica o que quero dicir, de 5 a 9 temos 28% de monolingüismo en castelán, e de máis de 65 temos a mesma porcentaxe. O que aumentou, por tanto, é o bilingüismo.

O problema do inquérito do censo –contra o que fai o IGE, ou o Mapa Sociolingüístico, que ofrecen catro posibilidades de resposta: só galego, máis galego, máis castelán e só castelán, e isto dan resultados máis transparentes– e que as posibles respostas á pregunta sobre lingua falada son tres: ‘fala galego sempre’, ‘fala galego ás veces’ e ‘fala galego nunca’. Isto é unha maneira de presentar a cuestión abondo discutible, xa que as respostas non teñen unha interpretación doada. Cando nós non temos a posibilidade de comparar unha resposta tan inconcreta como ‘ás veces’ con aqueloutro dato máis concreto, máis galego ou máis castelán, decatámonos que este ‘ás veces’ pode recubrir prácticas lingüísticas moi distintas. Nalgúns lugares, cando podemos contrastar con outras informacións, vemos que ese «ás veces» sobre todo é castelán e noutros lugares ese «ás veces» sobre todo é galego. No caso da Coruña, ¿cal será a interpretación máis sensata? Que ese «ás veces» está claramente nesgado cara ao castelán.

Os datos para Santiago, que representaría outro tipo de cidade, non son tan negativos para o galego. Aquí vese que o monolingüismo en galego tamén debeceu pero fíxoo desde niveis máis altos e por tanto tamén se mantén en niveis máis altos. A pauta é similar á da Coruña só que movéndonos nunha escala distinta. Destarte, en Santiago hai un de cada catro rapaces ou rapazas de 5 a 9 anos monolingüe en galego, o cal non é un mal dato. Canto ao monolingüismo castelán, tamén a pauta é similar: non se rexistra un incremento moi grande do monolingüismo castelán: 10,72 para maiores de 65, 11,45 de 5 a 9 anos, despois conséntase que hai unha foxa e despois vólvese a recuperar o monolingüismo. Daquela, o groso dos falantes monolingües en galego que perdemos vaíse cara ao bilingüismo. ¿Que significa aquí bilingüismo? A xulgar polos outro datos que podemos manexar, neste caso, en Santiago, significa máis ben galego que castelán.

5. OLLADA SOBRE DÚAS VARIABLE SOCIAIS: CLASE SOCIAL / OCUPACIÓN E NIVEL DE ESTUDOS

Logo traía uns datos sobre as variables sociais máis significativas para o uso das linguas, e escollín variables de tipo socio-económico e a variable nivel de estudos, tal como se presentan nas táboas 8 a 13.

Táboa 8. Lingua habitual dos entrevistados segundo a clase social en Galicia.

Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia- Real Academia Galega.

	galego	+galego	G	+castelán	castelán	C
Media-alta	14,1	21,2	35,3	37,0	27,7	64,7
Media	29,2	29,4	58,6	27,0	14,4	41,4
Media-baixa	47,7	31,6	79,3	14,7	6,0	20,7
Baixa	55,7	27,3	93,0	11,0	6,0	17,0

Os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia (táboa nº 8) mostran claramente a relación entre a estratificación social e as prácticas idiomáticas: os enquisados que se declaran de clase media alta, declaran tamén unha práctica claramente castelanófona (case dous terzos máis castelán + só castelán), nos restantes estratos sociais domina a práctica galegófona, aínda que en porcentaxes decrecentes segundo escalamos na pirámide social. De todos os xeitos, só nos grupos de clase media-baixa e baixa o monolingüismo en galego é maioritario, mentres que na clase media e media alta son claramente predominantes as prácticas bilingües (de dominancia galega na media, e de dominancia castelá na media-alta).

Os datos do Censo de 2001 son moito máis concretos canto ás variables sociolóxicas, aínda que menos claros canto ás prácticas idiomáticas. Así e todo, vemos que na cidade de Santiago (táboa nº 9), os datos están claramente inclinados cara ao galego entre os traballadores e traballadoras da agricultura e a pesca (73,7%), da construción (64,5%), os xubilados (62,7%), de labores domésticos (54,6%) e a industria (53,8%), a respostas ‘ás veces’ (bilingüismo, cos problemas de interpretación de que xa falamos) e a opción preferida para os estudantes (56,8%) e os traballadores e traballadoras do sector servizos (49,4%). Na táboa, ofrecemos na última ringleira as cifras que corresponden ao peso relativo de cada sector da actividade sobre o conxunto da poboación.

Táboa 9. Lingua usual na cidade de Santiago, por actividade económica.

Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda, 2001. INE.

	Ag/Pes	Inds.	Constr.	Serviz.	Xubil.	Estud.	Labor.
Galego	73,7	53,8	64,5	39,7	62,7	28,3	54,6
G/Cas.	21,3	38,7	30,0	49,4	27,7	56,8	33,0
Castel.	4,9	7,4	5,4	10,8	9,5	14,8	12,3
Total	99,9 1,0	99,9 4,9	99,9 4,2	99,9 38,22	99,9 13,2	99,9 12,9	99,9 10,3

Observacións: Faltan parados e xubilados.

Os datos da cidade da Coruña son claramente distintos aos de Santiago: en todos os grupos, a opción de resposta máis frecuente é ‘fala galego ás veces’, e o monolingüismo en castelán supera ao monolingüismo en galego entre os/as estudantes (28,6% - 7,6%), as amas de casa (29,6 - 23,3 %), os traballadores e traballadoras dos servizos (27% - 13,9%), da industria (24,8% - 17,9%); a situación inversa só se rexistra entre os xubilados (30,6% - 25,9%), os traballadores da agricultura e a pesca (26,4 % - 22,3%) e os traballadores da construción (24,1% - 21,5%). Coma no caso anterior, ofrecemos na última ringleira da táboa as cifras que corresponden ao peso relativo de cada sector da actividade sobre o conxunto da poboación.

Táboa 10. Lingua usual na cidade da Coruña, por actividade económica.

Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda, 2001. INE.

	Ag/Pes	Inds.	Constr.	Serviz.	Xubil.	Estud.	Labor.
Galego	26,4	17,9	24,1	13,9	30,6	7,6	23,3
G/Cas.	51,2	57,2	54,3	59,0	43,4	63,7	47,0
Castel.	22,3	24,8	21,5	27,0	25,9	28,6	29,6
Total	99,9 0,7	99,9 6,2	99,9 3,2	99,9 35	99,9 15,1	99,9 6,9	99,9 10,8

Observacións: Faltan parados e xubilados

Unha variable tan ou máis discriminante coma a clase social / sector da actividade é a de nivel de estudos. Na táboa 11 ofrecemos os datos para o conxunto de Galicia, correspondentes a 1991. Constátase aí que o uso do castelán é predominante entre os enquisados con estudos universitarios e medios (que son tamén os de práctica máis bilingüe), e o galego predomina abrumadoramente entre os enquisados con estudos primarios ou sen estudos (os grupos máis monolingües).

Táboa 11. Lingua habitual segundo o nivel de estudos, en Galicia.

Fonte: Real Academia Galega- Seminario de Sociolingüística.

	galego	+galego	G	+castelán	castelán	C
Universitarios	9,4	23,2	32,6	43,6	23,8	67,4
Medios	17,6	27,1	44,7	36,7	18,6	55,3
Primarios	46,9	33,4	80,3	13,2	6,5	19,7
Ningún	75,3	20,5	95,8	3,3	0,9	4,2

Na cidade de Compostela, a opción de práctica bilingüe (coas cautelas que estamos a reiterar canto á interpretación da respostas ‘ás veces’) é a preferida para os enquisados con estudos superiores e medios, mentres que o galego é claramente o preferido entre os

enquisados analfabetos, sen estudos e con estudos primarios. Pero incluso entre os que teñen estudos medios e superiores, predomina a opción ‘galego’ sobre ‘castelán’ (43.1% - 11,5% e 25% - 17,6 % respectivamente).

Táboa 12. Lingua usual na cidade de Santiago, segundo nivel educativo.

Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001. INE

	Analfabetos	Sen estudos	1º grao	2º grao	3º grao
Galego	71,6	73,1	64,2	43,1	25,0
Gal./Cas.	20,0	21,6	28,8	45,3	57,3
Castelán	8,3	5,2	6,9	11,5	17,6
Total	99,9 1,6	99,9 9,2	99,9 19,6	99,9 46,8	99,9 22,8

Novamente, os datos de Santiago neste parámetro contrastan cos obtidos na Coruña. Na capital herculina, a reposta (usa o galego) ‘ás veces’ é a preferida entre os que teñen estudos primarios, secundarios e superiores, pero nestes últimos grupos a opción ‘castelán’ supera amplamente á ‘galego’, e mesmo nos grupos sen estudos e analfabetos a práctica castelanófona ten unha presenza moi notable.

Táboa 13. Lingua usual na cidade da Coruña, segundo nivel educativo.

Elaboración propia. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001. INE.

	Analfabetos	Sen estudos	1º grao	2º grao	3º grao
Galego	40,0	41,5	31,0	15,2	7,9
Gal./Cas.	31,3	39,8	47,6	55,7	59,3
Castelán	28,6	18,6	21,3	29,0	34,7
Total	99,9 0,9	99,9 6,6	99,9 17,1	99,9 56,1	99,9 19,2

6. OBSERVACIÓNS SOBRE OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS E REFLEXIÓN FINAL

Un pouco á luz do que nos din as anteriores táboas quería desenvolver un breve comentario acerca dos estereotipos sobre falantes de galego e castelán, partindo para isto dos resultados dun interesantísimo libro, recién publicado, do Seminario de Sociolingüística da Academia Galega, titulado *O galego segundo a mocidade*. Unha obra que ten moito que debullar, moito que ver e que reflexionar, e que curiosamente pasou bastante desapercibida. Trátase dunha enquisa feita entre a mocidade fundamentalmente urbana, por iso a traio aquí, porque se refire a estereotipos na mocidade urbana. Un primeiro resultado

moi sorprendente do estudo, no que non nos podemos deter arestora, é que a variable acento parece moito máis significativa que a variable lingua. As diferenzas entre as linguas como tales nas valoracións son insignificantes mentres que as diferenzas na valoración dos acentos son absolutamente significativas. Por parte, esta valoración é independente das características sociolingüísticas de quen valora, sexan galegofalantes, castelanfalantes, bilingües con dominancia galega, ou bilingües con dominancia castelán. Sempre que nos movamos nesta franxa de mocidade urbana, as devanditas variables son irrelevantes, trátase de estereotipos partillados por falantes de galego e castelán.

¿Que estereotipos activa un home con acento galego nos suxeitos do inquérito? Profesión: gandeiro, peón da industria, labrego ou mariñeiro. Trazos positivos: traballador, xeneroso, divertido. Valórase positivamente con respecto á cultura. Trazos negativos: (falta de) atractivo físico, de orgullo e de intelixencia. O que fala con acento galego é un pouco menos guapo ca o que fala con acento castelán. Por contraste, ao varón con acento castelán, atribúselles como profesión: avogado, banqueiro, enxeñeiro ou directivo. Trazos positivos: intelixente, ambicioso, autoconfiado. Trazos negativos: é menos divertido e que ten menos sentido do humor, menos simpático ca o que fala galego. Máis notable aínda o que pasa coas mulleres. Muller con acento galego, profesión: ama de casa ou señora da limpeza. Trazos positivos: fiel, traballadora e práctica. Trazos negativos: non é innovadora nin atractiva. Á muller con acento castelán, atribúselles como profesión: xornalista ou publicista. Trazo positivo: orgullosa.

Os responsables do estudo, investigadores moi competentes e que fixeron un traballo rigoroso como poucos, consideran que estes estereotipos están fundados en prexuízos. Un non pode deixar de preguntarse se realmente se trata de estereotipos ou de meras descrições, polo menos canto se refire á profesión, tal como parece deducirse das táboas que acabamos de ofrecer. En todo caso, imos deixar esta discusión a unha beira e admitir que se trata de estereotipos, o cal é dificilmente discutible cando se trata da atribución de trazos. ¿Que nos indicarian os resultados do estudo? Parece concluírse que os prexuízos contra o idioma galego (mellor, contra os galegófonos nativos, que son os que teñen o acento máis marcado) están moi arraizados na mocidade e particularmente na mocidade urbana. As persoas, e particularmente os mozos e as mozas das cidades, continúan xulgando dun xeito moi prexuízoso os seus interlocutores ou a outras persoas coas que entran en interacción, en función do seu acento e, particularmente, discriminando negativamente as persoas con acento galego, sobre todo se son mulleres.

Por tanto, curiosamente, no terreo das competencias melloramos bastante nas cidades, en liñas xerais. No terreo dos usos a sensación é mixta pero, en fin, mellorou polo menos en certas cidades, noutras un pouco menos. E no terreo dos estereotipos, dos prexuízos, estamos como estabamos, algo que é absolutamente rechamante, sobre todo se reparamos en que o estatus legal e a presenza pública do idioma galego mellorou espectacularmente nas dúas últimas décadas, e que estes mozos e mozas tiveron todos clases de galego, tiveron oportunidade durante anos de estudar literatura galega, ter unha visión da cultura galega, da sociedade galega, a través do seu profesor ou profesora de

lingua e literatura galega, entre outros, hai unha tele galega, unha radio, uns discursos públicos en lingua galega... Dabamos un pouco por feito que o dos prexuízos era un problema relativamente fácil de superar e que estaba en vías de superación, en troca, estes resultados obrígnanos a reconsiderar a cuestión.

En definitiva, tornando ás palabras limiares do presente traballo, o que pretendía era ofrecer unha panorámica xeral, pero matizada, da situación do galego nos espazos urbanos. Constatamos que hai datos moi negativos e moi preocupantes de cara ao futuro, pero que tamén se rexistran algunhas dinámicas interesantes e positivas e que se cadra deberamos revisar o problema dos prexuízos e do seu arraigo. Sobre todo, como reflexión final, coido que a partir de todo isto deberamos, sobre todo os colectivos e persoas máis implicados na promoción do idioma galego, e moi especialmente os que teñen responsabilidades políticas, repensar as políticas de promoción da lingua e esforzarse en deseñar políticas de promoción da lingua axeitadas, adaptadas a cada un dos que eu chamei ecosistemas lingüísticos, que como tentei mostrar son bastante variados. Naturalmente, neste terreo da promoción do galego nos medios urbanos tamén se deron pasos e xurdiron iniciativas moi novidosas que non é do caso pormenorizar aquí, pero no que o papel dinamizador dos gabinetes e servizos de lingua dos concellos foi fundamental. Quedan aínda moitas cuestións por matizar e aclarar, e, naturalmente, moitos dos aspectos considerados, e as interpretacións ou observacións que ofrecemos, están suxeitos ao debate. Que continúen, pois, os estudos, que florezan as iniciativas, e deixemos aberta a porta á discusión.

REFERENCIAS

- Fernández Rodríguez, M. A. / Rodríguez Neira, M. A. (1995), *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña, Seminario de Sociolingüística / Real Academia Galega.
- González González, M. / Rodríguez Neira, M. A. et alii (2003), *O galego segundo a mocidade*. A Coruña, Seminario de Sociolingüística / Real Academia Galega.
- Instituto Galego de Estatística, *Enquisa de condicións de vida das familias. Coñecemento e uso do idioma galego*, Santiago, Xunta de Galicia, 2004. [<http://www.ige.xunta.es/ga/home.htm>]
- Instituto Nacional de Estadística, *Censo de Población y Vivienda 2001*. <http://www.ine.es>
- Rey-Doval, G. (2001), *A lingua galega no medio urbano. Unha visión desde a macrosociolingüística*. Santiago de Compostela, Tese de doutoramento (pro ms.)

O proceso de normalización lingüística de tres cidades galegas: Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol. I

SOCORRO GARCÍA CONDE

I. O MARCO XERAL DE ACTUACIÓN

1. A NORMALIZACIÓN COMO OBXECTIVO SOCIAL

- Os conceptos de sociedade e lingua son inseparábeis. A lingua propia da nosa sociedade é o galego e, non obstante, a súa situación de uso non é a desexábel, non é a normal. Isto debería ser abondo para que a sociedade e as organizacións que a articulan, públicas ou privadas, teñan como obxectivo recuperar ese status de normalidade.
En Ferrol, igual que na Coruña, repítese, non sei se con sinceridade ou non, que é a cidade galega en que menos galego se fala. Talvez sexa unha crenza que traen os ventos do norte, o nordés e mais o lestiño, ou, máis probabelmente, un deses argumentos que tranquilizan conciencias, porque o enorme continxente obreiro que tivo sempre esta cidade, que naceu arredor, non só do exército español, senón sobre todo dos estaleiros, non apoia precisamente a teoría de masas español falantes. Ninguén vai discutir que, historicamente, o galego foi a lingua dos traballadores, das clases máis desposuídas, porque se o fose da burguesía, outra sería a súa situación actual. De feito, o que nos interesa é saber en que medida houbo nesta cidade algunha/s organización/s, grupo/s ou mesmo persoeiros que se ocupasen da lingua no sentido de ampliar os seus usos e funcións, de tirala da súa situación de lingua doméstica e ágrafa e, sobre todo, de romper coa diglosia.

A este respecto, a historia demostra que Ferrol contou, desde comezos do século XX, cun grupo de persoas que traballaron arreo pola normalización lingüística en todos os seus aspectos. Así, esta foi a primeira cidade en que unha empresa de espectáculos considerou que se podía arriscar a traer durante dous días seguidos a única compañía que, daquela, representaba teatro galego. Estamos a falar da Escola Rexional de Declamación da Coruña, que baixo a dirección de Manuel Lugrís Freire e Bernardo Jambrina, en marzo de 1904, actuou no Teatro Xofre cun notábel éxito. Tamén foi esta cidade a que acolleu a Eduardo Sánchez Miño, fundador da antedita Escola Rexional, cando, unha vez instalado en Ferrol, creou, en 1908, a Escola Dramática Gallega; que en 1911 seguía a ensaiar no Teatro Romea, e que, en 1913, puña á venda os abonos para unha temporada, no mesmo Teatro Xofre, en que se anunciaba o mellor do teatro galego da altura:

A fonte do xuramento, primeira obra gallega, estrenada en la Coruña en 1882, en verso, y original del distinguido vate Francisco M^a de la Iglesia; *A ponte*, *Mareiras*, *Minia* y *Escravitud* del inspirado y enxebre poeta Lugrís Freire de Andrade; *Rentar de Castromil* del distinguido y galano poeta Martelo y Paumán del Nero; *¡Filla...!* del culto periodista y también poeta, Galo Salinas; *A patria do labrego* del notable escritor Villar Ponte, y *Terra Baixa* traducida por el mismo del catalán, *Unha noite no moiño* y *¡A roin feira...!* del director de la ‘Escola’, y otras varias de distinguidos escritores gallegos².

² Cf. «Decisión pausable», *El Correo Gallego*, Ferrol, 11.11.1913.

Na Escola Dramática Galega de Eduardo Sánchez Miño formáronse dous dramaturgos paradigmáticos, tanto pola súa popularidade como pola singularidade da súa extracción social: Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida, traballadores da Maestranza³, actores e dous dos membros máis activos da Irmandade da Fala local. A súa obra encheu toda unha época do teatro galego —sobre todo pola peza titulada *Mal de moitos*⁴, en que ridiculizaban os que abandonaban o uso da lingua ou se avergoñaban dela—, e foron os protagonistas indiscutíbeis do teatro que facían os coros populares. Difícilmente podería manterse e explicarse toda esta actividade sen un mínimo de público galego-falante.

Mais que o galego fose a lingua das clases populares non é característico desta cidade nin ten nada de extraordinario e o que interesa, como xa indicamos, é ver en que medida Ferrol contou cun/s grupo/s de persoas dentro das clases dirixentes, ou cando menos, na pequena burguesía, que estivesen dispostos a reivindicar a lingua. Non debemos esquecer que esta comarca tivo un destacado papel nos movementos agraristas, estaba na área de influencia de Solidaridad Gallega e, en Cervás (Ares), nacera a primeira sociedade de labregos da provincia, en 1899. Había, por tanto, unha corrente de pensamento, cando menos, próxima ao rexionalismo que, no cultural, acabou manifestándose na organización dun coro popular, cuxos preparativos comezaran xa en 1911, desde a *rondalla* ‘Airiños da Terra’, e que se materializaron en 1915, coa presentación ao público de ‘Toxos e Froles’; e que, no político, se manifestou nos fracasados intentos de crear unha sección local das Irmandades da Fala; intentos que provocaban na prensa local descualificacións tales como a afirmación de que intentar que o galego fose unha lingua de cultura era «sentar plaza de imbécil e ignorante», que había que evitar contemplar as «jerigonzas locales» e, sobre todo, que:

No es Ferrol lugar a propósito para que fructifiquen esas semillas regionalistas⁵.

Varias foron as visitas que unha delegación da Irmandade da Coruña realizou a esta cidade, convidados por homes vinculados a ‘Airiños da Terra’, á ‘Liga Popular Ferrolana’, á desaparecida ‘Solidaridad Gallega’, ao coro popular ‘Toxos e Froles’..., mais houbo que agardar a que se instalase en Ferrol un foráneo, Xaime Quintanilla, que xa estivera integrado na Irmandade da Fala de Compostela para que, por fin, os «enxebres» ferroláns superasen a presión social e fundasen a Irmandade local. Esta ficou constituída o 15 de abril de 1917 e, desde decembro do mesmo ano, contou con local propio no centro da vila e cunha publicación, *Galicia*, que se ben nos primeiros números levou como subtítulo *Boletín Rexionalista*, a partir de xaneiro de 1918, no número seis, aparecería xa

³ A Maestranza era o nome co que se designaban os estaleiros, actual Navantia. Canto ao oficio de Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida non está moi claro se eran carpinteiros de ribeira ou ebanistas.

⁴ A primeira edición é de 1915, a segunda de 1921, ambas en Ferrol.

⁵ Cf. J. Herrero, «La cultura en entredicho», *El Correo Gallego*, Ferrol, 8.6.1916.

como *Orgo da Irmandade da Fala*. A composición do seu Consello foi interclasista: conselleiro primeiro, Xaime Quintanilla, médico; conselleiro segundo, Xoán García Niebla, mestre; secretario-contador, Euxenio Charlón, traballador da Maestranza; tesoureiro, Francisco Cabo Pastor, médico. Os dous últimos estiveran xa moi ligados aos movementos agraristas.

Este grupo da Irmandade de Ferrol tivo unha grande influencia no desenvolvemento do teatro galego, pois aquí realizaron o seu labor como dramaturgos, actores e/ou directores de escena, Xaime Quintanilla, Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida, Manuel Comellas Coímbra, Nicolás García Pereira, Luís Amor Soto, Emiliano Balás... En 1922, coincidindo coa estadía na cidade de Ramón Vilar Ponte como director do xornal *El Correo Gallego*, volveron recuperar o *Boletín Mensual da Irmandade da Fala do Ferrol*, e fixeron o que sería o primeiro intento de creación dunha editora nacional coa Editorial Céltiga, que ademais da colección de novela curta que leva o seu nome, publicou varias pezas dramáticas: *Alén*, de Xaime Quintanilla (1921); *Mal de moitos. Trato a cegas*, de Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida (1921); *Trebón*, de Armando Cotarelo Valledor (1923); e mais un ensaio político: *Doutrina Nazonalista*, de Ramón Vilar Ponte (1921).

A colección de novela curta tivo dous obxectivos: crear un público lector e modernizar a narrativa. Para conseguir o primeiro publicaron barato e atractivo para o que contaron coa colaboración dos mellores artistas plásticos do momento: D. A. Castelao, C. Díaz Baliño, I. Corral, A. Cebreiro e F. Lamas. Esta combinación de artes plásticas e literatura era propia das publicacións modernistas portuguesas e vangardistas galegas e españolas. Tanto os colaboradores plásticos como os literarios foron ampliando o seu número a medida que a publicación se afianzaba. Saíu con carácter mensual e, practicamente, debeu manter esta periodicidade durante o primeiro ano. Desapareceu coa ditadura de Primo de Rivera, no outono de 1923⁶.

Nesta colección apareceron algunhas das propostas temáticas máis novas da altura, por exemplo, o neoceltismo, predicado por Vicente Risco e sublimado por Ramón Cabanillas nas sagas artúricas que conforman *Na noite estrelecida*. Para potencialo, no segundo volume de *Céltiga*, publicaran unha tradución da lenda irlandesa *Os catro cisnes brancos*, cunha «Nota dos editores» que clamaba pola recuperación das raíces celtas. Cando saíu do prelo *Un ollo de vidro*, de Castelao, no número sete de *Céltiga*, o humor negro e o elemento macabro foron presentados como propios dos primitivos flamengos e, por tanto, como características de seu do Norte atlántico, da Idade Media e dos galegos, fronte ao mundo clásico Mediterráneo característico de Castela. No ronsel dos primitivos flamengos estaría tamén o mellor conto de Euxenio Montes, *Como na parábola de Peter*

⁶ Vid. unha información máis completa sobre *Céltiga* en L. Tato Fontaíña, «A emerxencia do discurso narrativo: das coleccións de novela curta ao romance», en M^a A. Tavares Maleval e F. Salinas Portugal (orgs.), *Estudo Galego-Brasileiros*, Editora H. P. Comunicação, Rio de Janeiro, pp. 193-218.

Breughel, incluído no número dez de *Céltiga*. Tamén se potenciou a utilización das lendas, mitos e tradicións galegas, no caderno número once, con *A Santa Compañía*, de Roberto Novoa Santos. Canto a novas técnicas narrativas imos limitarnos a citar dous exemplos, o focamento de cámara fotográfica, obxectivista, apareceu nos tres contos de Evaristo Correa Calderón recollidos en *Luar (Contos galaicos)*; e a novela impresionista, coa disolución da intriga que comporta e a súa aproximación ao campo da poesía, tivo o primeiro modelo en *Saudade*, de Xaime Quintanilla, coa que abriron *Céltiga*.

Non se pode esquecer tampouco o labor realizado por Xaime Quintanilla mentres presidiu o coro popular ‘Toxos e Froles’, xa que durante a súa presidencia as actas pasaron a ser redixidas en galego e a agrupación sufriu unha renovación en profundidade que comezou por admitir elementos femininos e seguiu por certa actualización estética tanto no musical como no dramático; aínda que esa renovación non foi todo o completa que desexaría Quintanilla, que presentou a dimisión en maio de 1923. Tampouco foi ‘Toxos e Froles’ o único coro popular da cidade, pois en 1924 presentábase ao público outro coro, ‘Ecos da Terra’, de tendencia ideolóxica moito máis progresista. Este sería o novo ámbito do teatro de Charlón e Hermida, que abandonaran ‘Toxos e Froles’ xa en 1921, por mor dunha homenaxe aos caídos en Cuba⁷. O labor de ‘Ecos’ non resulta doada de seguir porque, ademais de que o coro «oficial» era ‘Toxos’, cando se produciu a sublevación fascista, os integrantes de ‘Ecos da Terra’ foron perseguidos e, algúns deles, masacrados. As súas pertenzas foron saqueadas e algunhas pasaron ao poder de ‘Toxos e Froles’, daquela presidido por un falanxista.

Na primeira agrupación nacionalista de Ferrol, a Irmandade, contouse con figuras de grande relevancia, que coidaban traballar nun ambiente máis hostil do que noutras localidades, e este fenómeno volveu repetirse durante a II República, pois o grupo local do Partido Galeguista, constituído en agosto de 1932 baixo a presidencia de Nicolás García Pereira, na III Asemblea, celebrada en Ourense en 1934, reclamaba que a seguinte fose organizada en Ferrol para compensar o maltrato que recibían na cidade:

Ferrol reclámaa. O delegado de Ferrol explica a labourea de aquel Grupo nun ambiente hostil que o fai acreedor á honra de acoller alí a nosa Asambreia⁸.

Este fenómeno, fose obxectivo ou non, vén sendo o correlato á afirmación actual de que aquí se fala menos galego do que noutras cidades, e quizais o puidesemos atribuír ao elemento militar, tan notorio noutras épocas da historia. Desde logo, durante a ditadura de Primo de Rivera, os titulares de prensa ferrolá non deixaron moita esperanza para os nacionalismos periféricos e resultaron a este respecto moito máis agresivos do que a pren-

⁷ Para máis información sobre este episodio, a Irmandade da Fala de Ferrol e/ou os coros da cidade, vid. L. Tato Fontañá, *Teatro e Nacionalismo. Ferrol 1915-1936*, Laiovento, Compostela, 1995.

⁸ Cf. «A III Asambreia Anual do Partido Galeguista», *A Nosa Terra*, Santiago, 28.1.1934.

sa doutros lugares. Como mostra podemos citar o titular de *El Correo Gallego*, correspondente ao 20 de setembro de 1923:

La única bandera será la española y no se hablará otra lengua que la nacional.

Non podemos acabar esta conferencia sen lembrar, aínda que sexa a correr, o enorme labor desenvolvido por Ricardo Carvalho Calero, tanto con anterioridade á sublevación fascista como despois. Desde a súa participación na revista *Aturuxo* (1952-1960), até o seu labor individual como autor da monumental *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*⁹, ou da, na súa época imprescindible, *Gramática elemental del gallego común*¹⁰, con que tantos e tantas galegas puideron coñecer, e recuperar, a lingua de seu.

⁹ A primeira edición foi publicada en 1963; a segunda, corrixida e ampliada, en 1973; a terceira, en 1981.

¹⁰ A primeira edición foi publicada en 1966. Tivo outras seis máis.

O galego e a cidade da Coruña.

Pasado e presente. I

SABELA RIVAS

Foi a partir do ano 1916 a través das Irmandades da Fala da Coruña cando se puxo en marcha a idea de crear as Escolas de Insiño Galego.

Nun baixo da Praza de María Pita, na Coruña, o 8 de xullo de 1923 reúnense as Irmandades da Fala para tratar unha proposta feita por un dos seus membros, Anxel Casal. Esta proposta consistía na necesidade de fundar e soste r escolas que redimisen ao pobo galego da ignorancia na que estaba sumido ao tempo que servisen para inculcar nas xeracións futuras a verdadeira conciencia galega.

Tantas ilusións tiña postas Casal neste proxecto que o chegou a concibir como a Grande Obra que axudaría á redención de Galicia negándose a pensar que houbera algún galego ou galega que non quixese participar na creación e sostemento desta Escola.

Do alumnado podemos indicar que nos anos en que funcionou a Escola (1924-1930) pasaron por ela aproximadamente uns cen alumnos, oscilando entre 15 e 20 por ano.

Como mestres foron nomeados Anxel Casal para a escola de nenos e Elvira Bao para a escola de nenas (que nunca chegou a funcionar).

Elvira Bao Maceiras exerceu como mestra nas Colonias escolares de Oza ademáis de participar activamente nas actividades culturais organizadas pola Irmandade coruñesa.

Estivo días no cárcere e ao remate saíu, vivía en Rubine, pero parece ser que todas as noites grupos de xente nova fascista, de outros ideais achegados –camisas azuis etc.– íana facer visitas, simplemente molestar, petar na porta ás tantas da mañá... Ata que ela non puido con esa vida e marcharon a vivir practicamente excluídos da cidade ao lugar que hoxe se chama San Roque de Afora. Hoxe está moi bonito porque fixeron un paseo marítimo, pero daquela era como unha vila mariñeira que para chegar á Coruña había que pasar polo fielato, unha vida que non ten nada que ver. Ela pechouse nese mundo, moitos dos amigos e amigas que tiñan xa non apareceron nunca máis de visita por medo a represalias, evidentemente. E ela o que fixo foi facer unha escola para poder vivir. Collía os nenos de

por alí da zona, parece que lles cobraba unha peseta aos que podían darlle a peseta e aos que non nada. Morreu cega e sobre ese tema ninguén quixo xa máis falar.

¿Que se facía na Escola de Insiño? Na escola había a xornada de mañá e de tarde. Estudiábase aritmética, caligrafía, debuxo etc. Despois, como xa dixen, algún día aparecía un personaxe, un escritor, que lles falaba da súa obra aos rapaces. Despois había outra cousa que eran as saídas escolares, que agora parece que son moi habituais, pero naqueles anos, dádevos conta que na época dos anos vinte e trinta non era habitual sacar aos nenos para ver cousas. Esta idea defendeuna sempre Casal, os nenos tiñan que saír da aula para coñeceren o mundo que os rodeaba. Entón fixeron, parece ser, varias excursións, unha foi a Monte Breame, que fun eu ata alí por curiosidade porque non o coñecía, queda ao lado de Pontedeume e foron tamén a Oza. E despois todos os anos tamén facían a ofrenda floral a Curros Enríquez. Eu teño fotos, cedidas evidentemente, cantaban o himno galego.

Unha pregunta que eu creo que é interesante. Eu sempre me preguntei cando estaba traballando sobre ese tema: «Pero, ¿por que Casal? ¿Porque Ánxel Casal tiña este interese polas escolas?». Porque el non era mestre, el non tiña formación pedagóxica. ¿Por que foi el o que tivo tanto interese en facer unha escola de ensino en galego? Entón, e con moita razón seguramente, Xenaro Mariñas del Valle comentoume que era un amigo de Xoán Vicente Viqueira. E claro, non me dá para máis, non podo falar de Xoán Vicente Viqueira aínda que penso que é un personaxe que paga a pena dedicarlle un tempo tamén a el porque entre outras cousas foi o primeiro psicopedagogo galego que achegou o saber pedagóxico ao coñecemento científico.

Eu andei á busca de antigos alumnos destas escolas que aínda hai bastantes que están vivos, e dei localizado a algún deles. Comentábanme que o que máis destacaba era un tal Pedro Galán Calvete que despois foi socio das Irmandades, das Mocidades Galeguistas.

Outra cousa que hai que destacar é que Ánxel Casal era moi amigo de Camilo Díaz Valiño. Camilo Díaz Valiño era un pintor que igual o coñecedes máis por ser o pai de Isaac Díaz Pardo. Eran íntimos amigos e, entón, cando Casal marchou para alcalde de Santiago foise vivir á casa de Valiño. Eran íntimos amigos, e de feito nun dos contos que escribiu Valiño dedicado a Casal dicía o seguinte –vouno ler porque a min me parece un conto precioso–:

Conto da guerra (foi escrito no ano 1926)

Aos meu fillos e a todos os nenos do mundo.

Ás escolas das Irmandades da Fala, novo lar onde arde o lume da raza.

A Ánxel Casal, meu irmán ben querido, loitador que acende o corazón dos rapaciños das escolas irmandiñas.

Un destes corazóns, e remato así, o de Pedro Galán Calvete, xunto co do seu mestre Ánxel Casal e o do seu amigo Camilo Díaz foi apagado polas balas fascistas no verán de 1936, nunha noite alumeada polas estrelas. Entón chegaron as sombras.

O galego e a cidade da Coruña.

Pasado e presente. II

XOSÉ LUÍS AXEITOS

Entre as normas retóricas que seguían moito os predicadores e os políticos había a *captatio benevolentiae* que, dalgunha maneira era a fórmula coa que se empezaba sempre. Era prometer brevidade e declararse humilde, de que un non sabe nada deste tema. Neste caso eu, sen retórica ningunha, así llo expuxen á profesora Goretti Sanmartín Rei cando me propuxo falar aquí, estimo que as miñas opinións non están avaladas por ningún estudo científico e académico, como é o caso de Sabela ou de Pilar, aínda que eu poida compartir as preocupacións delas pola lingua e pola sociedade en xeral. Fronte a elas teño dende logo o mérito de que son o decano aquí, con 60 anos non hai ninguén aquí, reividico a autoridade do decanato. Xa digo que son opinións dun cidadán que se atopa vivindo nun pobo determinado e que sen pretendelo moitas veces vese sempre metido en circunstancias que un topa na vida.

Eu lembro, por exemplo, o caso da toponimia, porque sempre tiven a idea de que a toponimia era o último reduto no que se refuxiaban as palabras cando estaban sendo expulsadas doutros ámbitos, porque eses nomes pequenos, a toponimia menor era algo sentimental e afectivamente moi importante para o pobo. Cando era moi novo eu escribín un artigo que agora mesmo teño que agachar porque dicía cousas que non eran doadas sobre a toponimia. Eu, como nacido en Rianxo pois claro, era *Rianjo*, e ao lado tiña Bexo, que era *Bejo*. Entón, tan pronto aprendín que había fricativas xordas e mirando polo libro escribín alí unha cousa en *La Noche*. Vinme metido naquela liorta. Despois, un amigo taxista decidiu poñerlle Rianxo na franxa aquela que había e aquilo foi... o comezo dun proceso xudicial, artigos en todas partes, e outra guerra na que non nos metiamos, que nos vimos metidos nela case sen querer.

E alá polo ano 71 ou 72, eu viña de facer o servizo militar xa con moitos anos, tiña 25, convidáronme a dar unha conferencia sobre toponimia en Lalín, e citei unha serie de topónimos, como *El Niño de la Guía*, cousas que sabía, pero eu apuntei que moitas destas

cousas fora a Garda Civil quen realmente as deturpara. Non se me ocorreu outra cousa e ao día seguinte chama un tenente da Garda Civil a dicirme de onde sacara eu ese dato. Eu díxennlle que o oíra. «Pero, ¿onde está escrito?». O home dicía que non era por nada malo pero que el quería saber ese dato, a ver de onde viña, que el consideraba que era unha falta. Eu creo que ás veces vivimos nun país sen outro obxectivo, enfrontámonos a unha realidade, a unha situación que normalmente nos fai reflexionar. Eu son profesor dun instituto de aquí da Coruña, un instituto que eu diría case periférico, que está nos *Rosales*, que colle a zona de Labañou... É dicir, que non é un alumnado, digamos, socioloxicamente caracterizado... Preguntei se había enquisas sobre o número de falantes do meu centro. Hai aproximadamente 250 alumnos, e sen haber enquisas, xuntámonos 5 ou 6 profesores e contamos moi benevolmente 7 alumnos que eran falantes galegos. Ademais con nomes e apelidos porque vese xa inmediatamente. Entendendo por falantes galegos aqueles rapaces que, cando remata a súa clase seguen falando en galego, non os alumnos que se ti lles falas en galego che respondan en galego, evidentemente. Pois debe saír así como un 2% de falantes. Se a isto lle engadimos despois as enquisas que se acaban de publicar estes días, pois evidentemente son datos moi pesimistas. O que pasa é que, de calquera maneira e afortunadamente, ás linguas non se lles ve a saúde na cara como se lles ve ás persoas e hai paradoxos históricos moi curiosos. No ano 1200 a ninguén se lle ocorrería pensar que o inglés ía ter esta forza expansiva que ten hoxe, ou que ía desaparecer o latín sendo unha lingua dominante practicamente en todo o que se denominaba o imperio naquela época. E incluso paradoxos que hai hoxe. Hoxe fálanse máis linguas que países hai en Europa. O tópico ese de lingua-estado lévanos incluso a calquera persoa adulta dicirlle «En Francia francés, en Italia italiano, en España español» e dislle «en Suíza» e din «en suízo», é dicir que realmente hoxe case non hai país no mundo que non teña convivindo linguas.

Pero hai tamén unha mentalidade, incluso historiograficamente, que di que as nacionalidades é un mal que desaparece co tempo, o mesmo que se lle aplica á xuventude. E tamén nas linguas, que todas as linguas que xeran conflitos, normalmente se soluciona tamén por esa cousa de que o tempo vai curar esa situación, de que sempre hai unha lingua dominante etc. Todo isto son reflexións que nos teñen que facer conscientes do país no que vivimos sobre todo por moralidade e por ética, porque detrás de toda esta polémica de La Coruña / A Coruña, que xa é unha cousa vomitiva, ademais eu concordo coa xente que di que nada máis que é unha cortina de fume para tapar outros problemas, e aí está precisamente a falta de ética e a inmoralidade da xente que emprega politicamente a liorta. Por outra parte a ninguén presente se lle escapa que incluso cientificamente, eu estou manexando epistolarios do S. XIX e ata o ano curiosamente 1875: «Diputación Provincial Coruña». E cando aparece «la Coruña», con minúscula loxicamente. 1875 é a primeira data que aparece «la Coruña». Non sei se terá que ver coa restauración ou se terá que ver coas leis pedagóxicas e de todo tipo, sociais que se producen a partir de aí, e coido que se consolida moi especialmente a partir de *La Voz de Galicia*, porque a partir dos anos 80 empezan a poñer xa no encabezamento *La Coruña algún diputado provincial e algún*

concelleiro do axuntamento, como Narciso Pérez Reoyo. Pero máis alá isto o que agacha é unha falta de ética. A moralidade individual e a ética social das persoas loxicamente ten que ver co emprego do idioma. O idioma non só ten unha función comunicativa, ten funcións afectivas, ten funcións sentimentais e dende logo hai unha ética da linguaxe que non debemos descoidar que está relacionada con que a linguaxe nos relaciona cunha realidade obxectiva. Se ti cando empregas as palabras non tes en conta ese referente é unha falta de respecto loxicamente a ese referente. A ética da linguaxe maniféstase cando un utiliza a linguaxe para atopar a verdade ou para procurar a verdade. Cando ti utilizas a linguaxe para ocultala iso é mendacidade, porque chega un momento en que xa non é mentireiro, porque mentireiros podemos selo todos, pero ser mendaz é moito máis grave, é unha falta de ética e de moralidade porque iso é practicamente dicir o que di, sabendo que se mente a si mesmo, e exprésao desa maneira.

Iso é todo o que se está expresando detrás desa polémica lamentable que temos aquí que é unha agresión directa a unha realidade social, aínda que nada máis fora por respecto, é dicir, que se eu teño uns cidadáns que viven neste concello e que ten unha realidade social, teñen unha realidade cultural, cando eu emprego as palabras, pois loxicamente teño que ser ético. Eu creo que debemos insistir niso. As persoas que empregan como arma agresora a lingua son persoas sen ética. Temos que reivindicar a ética social porque tamén a lingua decide esa situación ética. Dalgunha maneira porque eu coido que as políticas lingüísticas, eu non falaría de política lingüística, falaría de lingua e política, o de política lingüística sería máis discutible, resumindo, e tendo en conta todos os puntos intermedios que se poidan facer, pois coido que hai tres actitudes nos grupos sociais, ou sexa, coa situación lingüística. Pódese estar satisfeito –normalmente son os grupos con posición dominante– coa situación lingüística que temos na cidade máis concretamente. Hai unha actitude de resignación, na que, ante o declive de calquera situación cultural como neste caso a lingua, déixase simplemente pasar; e hai despois a actitude de defensa, digo con todas as posicións intermedias. Todos estamos metidos nestas tres posicións coas intermedias posibles. Resumindo: defender o que se considera propio e, loxicamente, gañe ou perda, defendela con tenacidade e, como dicía un home que se preocupou de reflexionar sobre estas cousas, con «violencia desnuda». E pola contra o poder tamén ten tres actitudes resumindo: unha é de represión, de prohibición, que está en declive, case non a practica ninguén actualmente, pero que se practicou con prohibicións lexislativas, con trabas legais para poder ensinar, para poder facer uso administrativo desa lingua. Foi unha etapa determinada, foi unha etapa que fracasou, foi unha política que fracasou en case todos os países que se practicou, temos xa unha experiencia histórica. Hai despois unha que é a de deixar facer, a de deixar pasar. É a máis practicada actualmente. Está curiosamente moi pegada ao que é o liberalismo político e económico, o liberalismo é deixar facer, deixar pasar pero está a favorecer aos grupos de poder, o que se enriquece non é o obreiro. O non intervencionismo. E lingüisticamente igual, esta actitude é unha actitude política, porque a xente pensa que iso é non facer política. É unha actitude baseada na non acción pero hoxe é a que se está mostrando máis eficaz en todas as situacións

históricas, a máis practicada. E hai finalmente unha de promoción activa fronte á pasividade da anterior. Eu coido que ante estes tres feitos, e é unha interrelación, todos estamos metidos nalgunha destas situacións ou intermedias e temos con respecto ao que nos predica o poder unha determinada actitude. Xa dixen que o *laissez faire* é a máis eficaz e loxicamente conta sempre coa actitude resignada da parte B, é dicir, que cando se practica esta política sempre se conta coa complicidade da parte da poboación que dalgunha maneira ten unha actitude de resignación.

Claro, ¿cando se produce conflito? Conflito soamente se produce cando non se resigna a poboación, cando os grupos sociais non se resignan, e entón os poderes vense na necesidade, se non queren un conflito, de arbitrar situacións. Non, estamos hoxe en Galicia por exemplo nesta situación onde unha reivindicación social forte, belixerante de defensa a ultranza da lingua creará o conflito dabondo como para que os poderes políticos tiveran que rectificar, desde logo, e quizais si é posible que en Euskadi haxa esta situación. Que curiosamente, cando se practica unha política unionista, unha política tradicionalista, como fai o Estado Español, é curioso que normalmente identifican escisión e separación co conflito lingüístico, e creo que en moitas ocasións non ocorre así. Por exemplo, é curioso que o núcleo fundacional de todo o nacionalismo vasco foi Bilbao e curiosamente Bilbao foi o sitio que menos falaba vasco. Do núcleo concreto de Bilbao hai un estudo de Michelena indicando a capacidade de unión e de cohesión das linguas e das relixións, e xustamente apunta este dato curiosísimo de que non é identificable escisión con lingua, ou non sempre é así. Non se poden xeneralizar estas cuestións.

Dende logo eu insistiría enormemente en que nós temos que reivindicar loxicamente un uso ético e moral da linguaxe e denunciar a inmoralidade e a falta de ética de todos estes personaxes que dalgunha maneira están agredindo constantemente, e que dende logo non queda outra solución se queremos ter outra perspectiva que ser belixerantes. Só dende a belixerancia se poden arbitrar medidas de situacións de equilibrio e de respecto. Historicamente é así, aínda que moitas veces as experiencias son moi paradóxicas. É curioso que, por exemplo, no sureste asiático, nada máis concedida a independencia impoñen unhas linguas loxicamente propias pero non ocorreu o mesmo en África. En África a negritude séguese cantando en francés e, con todo, non creo que comprendan mellor o francés no Senegal que no Vietnam. Son cousas da vida, como diría Castelao. De calquera maneira a miña brevidade vai ter a vantaxe de que lle deixo tempo a Pilar que ten máis autoridade ca min. A miña autoridade xa digo que é de anos, eu aínda usei a palabra fielato aínda a usei e aínda cando perdo o tempo teño un amigo que me di «tes que pagar o fielato». Os anos ás veces son unha experiencia. En calquera caso, moitas grazas.

O galego e a cidade da Coruña.

Pasado e presente. III

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Estamos asistindo, nestes últimos días ou semanas, a unha auténtica campaña, programada ideoloxicamente con toda a precisión e a megafonía mediática correspondente, que quere ir achantando, que quere ir explanando o camiño para familiarizármonos coa idea de que a lingua galega é unha lingua morta. Face a iso, ao que me referirei despois no remate desta concentrada exposición, quero demostrar que todos os datos sociolingüísticos falan, predican a idea non da lingua morta, senón da lingua mortificada, distinción que xa un gramático catalán facía no S. XIX para se referir a todas aquelas feridas inflixidas no corpo social do idioma e polo mesmo tamén susceptíbeis de terapia. Por tanto, a primeira proclama –se mo admitirdes– que quero deixar ben clara na mesa a respecto da lingua (como é un asunto social e nós estamos vivas e estamos vivos), é a negativa clara a suicidármonos por consigna, sexa esta consigna emitida directamente polos poderes públicos, sexa secundada e convenientemente aireada por medios de comunicación ou por caisquer outros posíbeis emisores desta idea.

Ben, entramos rapidamente no tema e pídovos desculpas, porque a cronometría desta mesa impón á forza sermos sintéticos ou mesmo simplistas. No coloquio supoño que haberá ocasión de pontualizarmos varias das afirmacións que aquí se deiten. A fotografía sociolóxica da cidade da Coruña canto aos usos da lingua –coido que resumo adecuadamente a intención destas Xornadas– ten toda unha parte explicativa común coa nación, común por tanto con toda Galiza, e ten unha parte de especificidade. Ímonos referir en primeiro lugar á primeira, con datos de carácter histórico que é conveniente lembrarmos. Nós partimos dunha distribución demográfica da Galiza no seu conxunto, que a fins do S. XVIII, en concreto no censo de 1787, amosa a seguinte distribución: nas capitais de provincia –por tanto das sete provincias anteriores ao retallamento imposto por Don Javier de Burgos en 1833, que se corresponde coas catro provincias actuais– nas antigas capitais do Antigo Reino de Galiza, Santiago contaba cunha poboación de 15.582 habitantes; A

Coruña, 13.575; Betanzos, 3.508; Lugo, 4.019; Mondoñedo, 4.640; Ourense, 2.961 e Tui, 3.987. E as vilas de maior poboación que non tiñan o título de cidade, contaban –reparen ben na diferenza que pode haber a respecto dos nosos días– coas seguintes cifras: Ferrol, 24.993; Pontevedra, 4.014; Vigo, 3.434; Marín, 3.242; Padrón, 3.043. A mediados do S.XIX, a fotografía demográfica, que, a esta altura (fins do século XVIII), supón o 13'5% do conxunto de todo o Estado Español, vai descender, vai baixar abruptamente a 11'4%. E esta fotografía, aínda nos comezos aurais do primeiro renacemento galego, da irrupción transgresora, revolucionaria, da inauguradora da contemporaneidade galega como foi Rosalía de Castro, aínda se vai manter con poucas variacións, unha delas e fundamental, naturalmente, toda a sangría migratoria a Castela e a Portugal e, con posterioridade, ás colonias ou ex-colonias españolas en América.

Por que recordo esta fotografía demográfica? Porque temos que lembrar un dado elemental e básico como o seguinte: a soma da poboación das chamadas cidades e das vilas de poboación máis alta deita un total de 86.998 habitantes, sobre un total da nación de 1.345.803 habitantes, o cal significa que, somada esa poboación, esa poboación urbana (onde, por certo, a única «urbe», por número de habitantes, a esta altura, é Ferrol, por arsenais e por toda a capacidade industrial e militar que vai provocar asentamentos de poboación). Digo que, somado todo isto, temos un 6'46% de poboación urbana, urbana entre aspas, incluíndomos Marín, incluíndomos Padrón, o que eran as vilas a aquela altura de poboación máis alta. Un 6'46%. Cal é, pois, a base demográfica galega? Cal é a socioloxía galega? Cal é a estrutura económica galega? Cal é, por tanto, ou cales son as posibilidades de asentamento da lingua? Hai un mantemento de monolingüismo oral en galego que convive cunha situación de desinstitucionalización programada desde os poderes públicos. Esta é, efectivamente, a situación.

Hai unhas posibilidades de conservación, unhas posibilidades de mantemento que non opacan en absoluto a situación *underground* do galego, mais hai unha base de conservación perfectamente mantida do idioma. A Coruña, como cidade, recordo a cifra, desde aqueles 13.575 habitantes até aos nosos días, en que andamos por volta dos 270.000 habitantes, e, por tanto, a segunda cidade en poboación da Galiza, A Coruña recibe todos os efectivos demográficos do interior da propia nación. O que hoxe se denomina administrativamente provincia de Lugo, máis Bergantiños, máis a Costa da Morte. Que é isto, ou que significa, trasladando esta situación de base ao retrato sociolingüístico? Pois significa, nin máis nin menos, que vai haber tamén en termos conflitivos e, nunha situación de declive, un mantemento «natural» da lingua galega. Isto aconteceu noutros moitos lugares da nosa nación, e víndomos xa aos nosos días podemos, en primeiro lugar, recordar unha fotografía sociolóxica ou sociolingüística mínima que pasaría nos últimos 25 anos, polos anos 70 do século pasado. Este período coñeceu a re-emerxencia dun proceso de normalización de usos sociais e públicos do galego como non se producira con anterioridade na nosa nación. En primeiro lugar, colocou o idioma en todos cantos ámbitos públicos se utilizaba con normalidade o español, co cal o mesmo proceso de substitución lingüística ficaba en evidencia, rompendo esa falsa naturalidade que non discutía a

hexemonía *vaticana* do idioma oficial do Estado. Ensino, medios de comunicación orais e escritos, uso eclesiástico, uso político, escrita masiva (clandestina, naturalmente, nos anos sesenta e boa parte dos setenta) de carácter propagandístico e panfletario...: estes e outros dominios de utilización social e pública do idioma foron gañados para o galego, entendendo por tal o facto **cuantitativo** da ruptura, non, en absoluto, a súa «conquista» definitiva. Estamos a falar dunha presenza minoritaria (ás veces, simbólica) e, desde logo, conflituosa, isto é, submetida a unha forte oposición da oficialidade, das autoridades, dos poderes públicos e económicos e, tamén (que non se esqueza), das organizacións da esquerda española (tanto sindical como política), que, nunha rancia tradición histórica, xulgaban «divisionista» a práctica do galego, contraria aos intereses dos traballadores galegos, que, antes de existiren como tales, coa súa lingua, seica deberan ser «internacionalistas» abstractos, submisos ao papel de os galegos só poderen ser sucursais do Estado, satélites, e non planetas...

Se lembramos todo isto non é por saudosismo, senón por pórmos de relevo o custoso, dificultado e persistente dun proceso colectivo de des-alienación, de des-programación, de dignificación do propio, a respecto de realidades, como a lingüística, que se consideraban intocábeis e inmutábeis nos seus límites estritos de distribución diglósica. Este proceso é o que permitiu, até hoxe, contarmos cun precioso aval nun camiño de restauración, de cohesión lingüística interclasista, que sentou un precedente magnífico de cómo non é ilusorio un horizonte de recuperación en que campo e cidade, aldeas e vilas, clases sociais traballadoras (no máis amplo sentido do termo), base social e institucións, esforzo privado, popular, e poderes públicos, se uniren no mesmo obxectivo e na mesma práctica lingüística. Non outra que a que soñaron (e real-izaron, na medida máxima das súas posibilidades) os precursores ou Restauradores do XIX, con Rosalía de Castro á cabeza.

Citamos moi á mantenta Rosalía, porque a Galiza —e A Coruña, en particular— viviu, no século XIX un *duelo* particular, o sustido para definiren, uns e outros, cal había ser no futuro o sistema literario galego: ben unha sucursal, un subsistema do Sistema Literario Español, feito neste idioma por escritoras-es nados na Galiza, que estaban, naturalmente, en condicións de *colorearen* a súa prosa ou a súa escrita literaria coa riqueza, o exotismo e a diferenza da periferia galega, ou ben un sistema autónomo, isto é, o que usaba literariamente a lingua galega e respondía á conciencia, á noción da Galiza como realidade diferenciada. Este, e non outro, é o conflito verdadeiro, a auténtica dicotomía en termos sociolingüísticos e sociopolíticos, entre unha Rosalía de Castro e unha Emilia Pardo Bazán: as dúas Galizas, con efecto, tese e antítese, sen posibilidade (a Historia *dixit*) de conciliación, de síntese, por representaren pólos contrarios e ao servizo de intereses contrapostos. Na Coruña viviron ambas escritoras: membro a primeira da fidalguía empobrecida e deslocada patrioticamente para a apoloxía das clases populares; sendo a segunda aristócrata exercente durante toda a súa vida e contempladora da realidade galega como señora e como intelectual conservadora española. Dúas mulleres, dous destinos, dúas Galizas, como se dixo.

Mais debemos falar, sequer sexa sumariamente, dunha especificidade coruñesa, que ten consecuencias lingüísticas evidentes. Lembremos, en primeiro lugar, que A Coruña foi, moi axiña, moi logo de a Galiza perder, no albor da Idade Moderna, a súa autonomía política, sede funcional e sede, tamén, de ansias capitalinas, arredor das institucións militares e civís da monarquía española aquí instaladas. En segundo lugar, o crecemento coruñés, arredor do porto e coa pesca como principal sector económico, agudizou o contraste que marca a segunda fase do conflito lingüístico, en clasificación de Calvet: a internalización por parte de clases sociais autóctonas da necesidade da asimilación ao español, a aparencia de que a divisoria galego/español era interna ao país: pobres/ricos; rural/cidade; labregos-mariñeiros-asalariados/clases pudentes ou rendistas. A heroína popular, na loita contra Drake, María Pita, acaba solicitando mercés ao rei español, como recompensa ao seu valente papel na defensa da cidade. Tres séculos máis tarde, Murguía, Rosalía, Curros, Pondal... están contestando directamente (ou miticamente, no caso do derradeiro escritor citado) a hexemonía do Estado sobre a Galiza e inaugurando a *nova Galiza*, a que se orgulla de si propia e emerxe como universo autónomo e digno.

Estas *dúas* Coruñas chegan aos nosos días. Como noutros lugares da nación, tamén A Coruña viviu a súa particular emerxencia cultural nos anos sesenta do século XX: «O Facho», asociación cultural; «Teatro Circo»; máis tarde, «Alexandre Bóveda», agrupación cultural; «Teatro Luís Seoane»..., ao compás dun despertar político, sindical, asociativo... de signo e praxe nacionalista. O Instituto «Eusebio da Guarda», de grande prestixio e en pleno centro da cidade, coñece, por vez primeira, docencia en galego, mesmo anos antes de se implantar, como materia, a Lingua e a Literatura Galega. Boa proba dunhas posibilidades certas de reintegración no galego a partir do español ambiental, escolar e oficial.

Mais, e este non será o paradoxo menor da situación actual, a arribada da incipiente autonomía política (ano 1981, promulgación da Lei 1/1981, isto é, do Estatuto de Autonomía de Galiza; ano 1983, promulgación da Lei de Normalización Lingüística) vai coincidir coa chegada ao poder municipal do actual partido e do actual alcalde, que, desde aquela, veñen practicando unha contumaz, e infractora, política de desprezo, ilegalidade e profundo odio contra todo o galego: desde a toponimia básica até unha teimuda política de españolización e de erradicación de todo sinal de A Coruña non ser unha *jangada de pedra* senón unha cidade galega (touradas, españolización rotulística e de todos os espazos públicos, e un longo etcétera visual e mental). *Casualmente*, este delirio político, abertamente ilegal e desafiante, é permitido polos poderes políticos superiores (autónomos e estatais), tan atentos a puniren outras actuacións delituosas e tan, en troca, cegos para consentiren o incumprimento de sentenzas e resolucións xudiciais, de todos os Tribunais posíbeis, desde o Superior de Xustiza de Galiza, ao Supremo ou, mesmo, o Tribunal Constitucional, que inadmitiu a trámite a histórica demanda do goberno municipal da Coruña, no tocante ao topónimo da cidade, após esta institución gastar, e seguir gastando, millóns de pesetas ou de euros en tamaña ilegalidade, a custa dos diñeiros de todas as coruñesas e coruñeses e, xa que logo, de todos os galegos. Tal política non podía

ser indiferente, como presión españolizadora, para o conxunto da cidade. Esta é a crise que hoxe seguimos a padecer. A aspiración non pode ser outra que a de devolvermos A Coruña á legalidade, ao dereito e mais á súa condición de galega, tal e como meritísimas organizacións, como a Mesa pola Normalización Lingüística, veñen demandando e denunciando desde os anos oitenta.

Mesmo, no momento en que ordenamos por escrito e rediximos esta nosa exposición, máis actuacións xudiciais veñen somarse ao rosario das xa coñecidas en defensa da legalidade e única oficialidade do nome da cidade, A Coruña. Así, o Xulgado do contencioso-administrativo número 3 da Coruña suspendeu (11 de Abril de 2005), o acordo plenario do Concello da Coruña (votación afirmativa do PSOE; votación negativa do BNG; abstención do PP, con camisetas, iso si, cun grande L como símbolo!), correspondente ao Pleno municipal celebrado o 2 de Novembro de 2004, en que se aprobara o uso oficial da denominación «La Coruña». O auto reconece a validez única da denominación «A Coruña» como nome oficial a todos os efectos, e advirte de que o acordo plenario citado apresenta «todos los indicios de un acto nulo de pleno derecho». A batalla segue. Ou, por expresármolo con emotiva e histórica frase, a loita continúa... Hoxe, como no século XIX, o que está en xogo non é, nin máis nin menos, que a posibilidade, e mais o dereito, de sermos galegos, recoñecidos legalmente como tales nos mínimos practicábeis. E á Coruña tocoulle ser, máis unha vez, metonimia e símbolo da Galiza toda: unha Galiza galega ou unha Galiza á española, iso si, cun *touch* (neo)pintoresquista incluído (tamén, como no século XIX, onde o *pittoresque* non estorbaba nada á burguesía emerxente ou á burguesía triunfadora; e, en clave galega, á españolización da sociedade...).

Concluímos, pois, lembrándonos as seguintes evidencias e necesidades:

- 1ª. Negámonos ao suicidio por consigna. Na Coruña, e na Galiza toda, seguiremos a exercer un dereito básico, cal é o de expresármonos xeral e uniformemente na lingua do país, nun acto hiperdemocrático como é o de unírmonos todos na mesma lingua, sen artificiais divisións, que se engaden ás ben reais (nacionais e de clase) xa existentes.
- 2ª. Proclamamos a centralidade do tema da lingua, porque el é vital para a pervivencia e o futuro colectivo, non independente, senón solidario, do dereito a vivir e a traballar na terra, a gozar dos nosos recursos, a sermos produtores e non só consumidores, a incorporármonos á tan mentada modernidade desde nós mesmos, non como *clónicos* dun prefabricado modelo español, europeu ou *yankee*.
- 3ª. A Galiza actual ten escasamente 30.000 kilómetros cuadrados e uns 2.800.000 habitantes, aproximadamente. *À rebours* destas magnitudes, dependemos da Unión Europea, do Estado español; temos unha Xunta autonómica; catro Deputacións; trescentos e quince concellos; operan sobre nós varios Tribunais de Xustiza; somos berce de varias multinacionais... Tantos recursos públicos e privados, que, en definitiva, nacen e existen polo noso traballo, as nosas divi-

sas da emigración, o lucro conseguido a base de explotación laboral..., van seguir pagando a expulsión do galego da súa propia terra, a súa secundarización, a súa agonía? Idioma e economía: obsesións dos clásicos do nacionalismo galego do primeiro terzo do século XX. Necesidades, aínda, de nós neste albor do século XXI. Nestes tempos, aliás, de pretensa desmitificación do *vello*, digamos non ás políticas-placebo, que, como denunciaba Castelao, hai case cen anos, son estupefacientes que nos anestesian e confunden.

A contribución ao proceso de normalización lingüística de partidos políticos, sindicatos, institucións e asociacións que desenvolven o seu labor na cidade da Coruña. I

A reivindicación da lingua galega nas décadas de 1960 e 1970

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

Instituto da Lingua Galega da USC

